

# IRIMIA



A terra vai dando froito por si mesma

ANO XXIX • Nº 780 - Do 19 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2009



Só a bondade permanece

# A foto que fala



*"España é o campo de batalla para o futuro da Igrexa"*  
The New York Times

## O trasno O peso do galego

Daniel López Muñoz

Na ocorrencia de Touriño de reivindicar fronte a Madrid un "plus" de financiamento por mor dos "custes" de ter unha lingua cooficial, hai moita "sustansia". E non é de sardiña do San Xoán. Diríamos que hai toda unha filosofía sobre a historia esta de sermos "bilingües".

Pola boca morren o peixe e mailo político. E malamente podemos avanzar un milímetro na normalización do galego con eses pelos.

Ninguén di que a política lingüística non custe cartos, pero no enfoque touriñés do tema dáse por sentado que o galego non é precisamente unha bendición, senón unha condena; non é unha vantaxe, senón unha pexa; non é algo estupendo e normal, senón unha carga imposta por quen sabe quen. Touriño, no seu balance, pon o galego na columna do pasivo, non na dos activos do país.

Co discurso de que o galego é unha carga –Breogán non lle conserve os asesores- está dando a razón e entrando na lóxica dos Bilingües Mentireiros Organizados que tanto pululan: se o galego é carga, é "murga", e tamén obriga, e imposición, e ditadura e ...disparate.

Un presidente galego debía ver e presentar as cousas desde outro ángulo. O galego non

é unha pexa, nin unha carga, como non o é a pita de Mos, o caldo de grelos, a catedral de Santiago ou a Illa de Ons. Se o presidente de Galicia quere xogar esa carta nesa partida de póker de cara a galería que é o debate do financiamento autonómico, debería expresarse doutro xeito e non lazar esas mensaxes agachadas.

Xa metidos en fariña debería dicir: manter vivo o español en Galicia como lingua común, como idioma de entendemento e cooperación coas comunidades autónomas de España, con América e coa Illa de Perejil, ....custa cartos. Se queredes que o fagamos, ben, facémolo, pero ten un prezo.

Ser, sería o mesmo (incluso no seu resultado final, seguro), pero a mensaxe sería distinta, sería unha mensaxe de dignidade para o país e vida para o seu idioma e os seus falantes, que máis ou menos somos moitos, iso si, ben afeitos a incorporar mansa e caladiñamente a perspectiva allea á hora de analizar os nosos asuntos.

PD.: E se a cousa se pon de punta, sempre cabería un darse a volta con actitude altiva e espetarlle a eses señores malos que sempre nos gañan a partida: "E se non queredes, pois alá vosoutros, porque nos pasamos ao portugués".



# Editorial Só a bondade permanece

Podíamos estar tristes porque Agustín Bueno nos acaba de dicir adeus, xusto na noite de Reis, e tras unha valente e longa pelexa contra un cúmulo de doenzas. Pero na propia personalidade de Agustín había tantísimo amor á vida que resulta imposible, mesmo na hora do seu pasamento, non contaxiarse da súa serea e firme esperanza.

Agustín, irimego de sempre, era un crente de nova estirpe, crente nun Deus sorprendente e vivo e, xa que logo, capaz de dar e vivir con perfecta naturalidade a boa nova da fraternidade radical, de que os tempos son chegados para os últimos, para as vítimas da historia, para os veciños marxidados, para os que aturan o peso de imperios e de caciques, para as mulleres relegadas e para os que padecen calquera clase de violencia.

## Agustín era un crente de nova estirpe, sorprendente e vivo

Agustín era, efectivamente, un crente de fronteira, deses aos que unha Igrexa en retirada neoconservadora non sabe onde colocar, deses fronte aos que tampouco se sabe situar unha certa progresía enrocada nunha visión fosilizada do feito relixioso.

Pero sobre todo era un apaixonado da xustiza compasiva, un home bo. Comentáboo unha veciña: “xa mo di a miña filla, que foi coherente co seu apelido: boa persoa, bo veciño, e bo despois de morrer, que doa o seu corpo á facultade de medicina”. Por iso malamente puido haber enterro, pero si un acompañar a Carmela Capeáns, a súa dona e compañeira de vida e militancias, e aos seus tres fillos, nunha eucaristía de agradecemento con amigos e amigas, unha ocasión máis, creada por Agustín, de celebrarmos xuntos o mundo novo que esperamos.

Só uns días antes de morrer falaba con esta redacción para indicarnos como lle estaban prestando as últimas Irimias. Non sobran precisamente os ánimos, así que llo agradecemos de corazón e con nostalgia. O mesmo corazón que el poñía en todas as cousas e a nostalgia que inevitablemente nos invade ao intuír que con persoas coma el marcha unha estirpe sen síntomas de ser relevada nos tempos que corren. Pero esa dúbida é o que, precisamente, Agustín nos faría quitar deste editorial, argumentando coa súa voz quebrada que a única nostalgia posible é a nostalgia do futuro. Agustín descansa en paz. Quen senón el?

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

En Internet hai de todo. Calquera internauta sabe que alí se pode atopar o mellor e o peor da condición humana. Hoxe quérovos falar dunha iniciativa que cómpre destacar porque ten corazón irimego e destaca pola súa constancia. Chámase Remol. Supoño que boa parte dos que ledes habitualmente Irimia coñecedes esta iniciativa da que se falou hai anos. Remol é unha reflexión semanal sobre a Palabra de Deus dominical que serve tanto para axudar na liturxia coma para a reflexión individual.

Hoxe falo desta iniciativa porque estou convencido de que merece unha homenaxe. Mentres que hai xente que utiliza internet para radicalizar posturas e agredir coa palabra ao que pensa diferente Remol é un blog que paseniño vai deixando o seu remuíño e o seu pórtico para que o acolla todo aquel que queira aproveitarse del.

Remol non é a única iniciativa deste estilo. Son moitas as iniciativas solidarias ou que dan testemuño de que se poden facer as cousas de xeito diferente. O que ocorre é que os internautas acudimos aos lugares onde hai balbordo porque non sabemos valorar as cousas boas. Somos por natureza morbosos e buscamos o peor da condición humana pero se hai algo que é un rumor de esperanza en internet é Remol.

<http://remoldapalabra.blogspot.com/>



1



3



2



4



# A peneira

1

175 anos do primeiro mapa topográfico de Galiza do matemático **DOMINGO FONTÁN** (1788-1866), de Portas. Foi deputado nas Cortes de Madrid, promotor do ferrocarril e da industria do papel en Galiza. Dende 1817 a 1834 percorreu a pé e a cabalo todo o País, servíndose dunha rede de triángulos que principiou a trazar dende a Torre do Reloxo da Catedral de Santiago, a Berenguela. Mesmo inseriu e sinalou máis de 4000 igrexas. Na foto, a estatua no seu berce. As súas cinzas foron depositadas no Museo do Pobo Galego. Pioneiro en España no levantamento topográfico para producir unha cartografía máis exacta, trazou a Carta Xeométrica, vixente ata a II República. Ourense celebra o ANO DE BLANCO AMOR, nos 50 de *A Esmorga*, e 30 do pasamento do autor en Vigo. A novela transmite con fondura a Galiza de comezos do XX, cunha igrexa que castiga a cidadanía con represión. Unha obra censurada e prohibida polo franquismo que se publicou en Bos Aires.

2

Principiamos e rematamos o **ANO DE ELECCIONES** en Bolivia, 40 nacións nunha, que loita pola democracia pluriétnica co referendo pola nova Constitución, o 25, e as presidenciais, no Nadal. En Galiza, europeas e ao parlamento, onde o voto emigrante enfrenta a partidos. En Portugal, Italia e outros países, non poden exercelo nas locais/regionais. En Inglaterra e Canadá, os 15 e 5 anos primeiros. Noutros con moita emigración coma Irlanda ou Israel, só diplomáticos e militares. Presidenciais en Angola, despois de elixir o 2º parlamento dende a independencia (1975). 16 anos de seca. Tamén haberá eleccións en Alemaña, Arxentina, Chile, México, Sudáfrica, Israel, etc. En Uruguai compite o ex-guerrilleiro tupamaro, José Mujica, e no Salvador lidera a esquerda da ex-guerrilla. En Euscadi, teñen coma eixe as preguntas consultivas do lehendacari, que o Constitucional prohibiu. No seu dereito, igual có parlamento, de buscar un novo marco de relacións co estado, non se pode dudar da súa lealdade, á parte o momento escollido.

3

O Ano Novo na **CHINA** é a 2ª lúa nova, 30/59 días despois do solsticio. Cambia cada ano. É un sistema cíclico, con doce animais ateigados de lendas, representativas de cada ano, que se repite nunha orde preestablecida. Cando se celebran os 60 anos da República Popular (1949), e 20 de Tiananmen, lembramos a loita das/os activistas pola liberdade. 116 millóns viven en 16 das 20 cidades con máis polución do mundo, que mata a 400.000 ao ano, e a 300.000 máis, nas súas vivendas contaminadas. 60.000 pola falla de auga potable. A chuva ácida rega un terzo do país. En parques petrolíferos, coma Daqing (1 millón de cidadáns), nacen nenos con parálise, cancro, debido aos pozos lindantes ás vivendas, escolas, etc. O goberno siléncio, reprimindo as vítimas, e proclamando o milagre económico, a costa de morte e destrución. Só o recoñecen, o 10% dos pais con minusválidos. Na foto, a esfera chinesa, que mide o tempo.

4

Unha especie en risco nomea o **ANO DOS GORILAS**. Compartimos o 98% do ADN destes primates. Hai 4 subespecies. A máis próspera é a da Chaira, que coa máis ameazada, os 300 do Río Cross, entre Camerún e Nixeria, é o grupo occidental. Xa dentro do oriental, os da montaña e os das terras baixas, no Congo, que sofren a guerra e son mestres na linguaxe dos signos, e forxadores de grupos. O 84% dos indonesios están en risco pola deforestación, extensión de cultivos, urbanismo, etc. Igual cós orangutáns, moi amparados porque ata os 8 anos viven da nai, coa natalidade máis baixa entre mamíferos terrestres, debido ás longas infancia. Hai 750/800 gorilas en cativeiro, onde nacen 16/20 ano. Só 100.000 viven no seu hábitat, acosados polo roubo da súa carne, utilizada coma fonte de alimentación, e medicina naturalista. Estes datos alértannos cando conmemoramos o bicentenario de DARWIN, e os 150 da súa obra sobre a evolución, que revolucionou a ciencia e a cultura.

5



5

O 16 do IX, a Feira da Pesca reconece a flota de Vigo que move **800.000** toneladas de peixe fresco, conxelado, etc., que é a metade da consumida no Estado, e emprega máis de 2000 a bordo, e 22.000 en terra. Lidera a actividade entre Galiza e 11 concellos do Norte de Portugal (414.000 clientes) cando xa está aprobada a LEI DE PESCA, que mellora produción e dignidade do traballo, pois a normativa anterior era unha eiva para a modernización; democratiza coa concorrencia pública, transparencia en bateas, acuicultura, e o acceso á titularidade de concesións ás mulleres; aposta pola comercialización en orixe e destino e as decisións de confrarías, sindicatos, cooperativas, etc. Busca fixar o "mapa sostíbel de usos mariños". Na celebración dos 200 anos de Vigo, lemos "Os espellos do tempo" de Vitor Vaqueiro (Vigo 1948), creador polifacético: fotografía, cine, poesía, química..., que agasalla coa súa ollada á cidade da infancia, nos 50/60, un álbum de fotografías da familia e berce, co sabor e nomes antigos das ruas...

6



6

No Ano Internacional de Aprendizaxe de Dereitos Humanos, son os 50 da **DECLARACIÓN DOS DEREITOS DOS NENOS E DAS NENAS**, e 20 da Convención dos Dereitos da Infancia (1989), despois de séculos de marxinação que se mantén na maioría do mundo. Hai 218 millóns de nenos escravos/as, máis da metade en traballos perigosos. 200.000 en minas, 1,8 millóns en tráfico sexual, 300.000 soldados, 218 millóns traballan, a metade en labores con risco. 8 millóns en condicións de escravitude. 40 millóns coma criados, 10 deles dun xeito escravo. Só en España son 20.000 os explotados. Denunciáronse uns 12.000 delitos de trata de nenas en catro anos. Ilustramos co calendario **ESTIÑO**, confeccionado por máis de 14 escolas rurais, dedicado á recuperación do traballo colectivo das rogas. Na primavera aparece a revista **Miuzallas**, que contén as investigacións pertinentes das nenas e nenos que crearon este calendario. A recadación da súa venda é para proxectos escolares de Nicaragua, a través de Auxica.

8



8

O 15, hai 80 anos, nacia **MARTIN LUTHER KING**, enxergador de esperanzas: "Hoxe teño un soño". Aquel discurso tivera lugar ao pé do memorial a Lincoln, na marcha sobre Washington de 1963, no centenario da emancipación da escravitude e a prol da Lei dos Dereitos Cívís (1964), que o 20 van resoar con emoción co 1º presidente de cor negra de EEUU. Cúmrese aquilo de que os pobos e as persoas medran, cando son capaces de aproveitar as oportunidades. E iso foi o que aconteceu, na longa loita pola igualdade, dende a guerra civil (1861-65) que custou 500.000 mortos, o asasinato de Lincoln, o 16º presidente, o que creou a Unión... Gañou a cidadanía que quere liberarse dun mercado sen control que premia a uns poucos e afunde na inseguridade e a pobreza a maioría: desemprego, mala saúde, discriminacións. Fartos da política encorsetada nos intereses das multinacionais, urxen un goberno que mire polo ben común, pois o paro dobra as cifras nos cidadáns negros, que acceden con moitos atrancos a actividades, coma á política.

**A VECIÑA GALEGA OBAMA**, de Barack Husein OBAMA, na Casa Branca, Concha Martín, vai saudar ao lonxe o novo inquilino. Abandonou Vigo no 1981. Instalouse nunha tenda de campaña, denunciando un sistema inxusto, as guerras, o armamento nuclear... Viu a 4 presidentes, pero a mesma corrupción. Vive austeramente, pero é un sinal do pacifismo. Teimuda, ergue as pancartas de denuncia, malia o acoso das forzas de orde, e do frío, que intentan enmudecela sen éxito. Moore inmortalizouna no documental "Fahrenheit 9/11". Nunha entrevista ao *Washington Times* afirmou que non tiña medo: "O máis perigoso está aí dentro. Esa é a verdadeira ameaza". Principiou esta vixilia, reivindicando a custodia da súa filla, despois da separación. Agora gasta a vida a prol da paz e da xustiza. Vive á intemperie e subsiste con donativos, e da venda de pedriñas nas que gravou as razóns da súa protesta.

7



☼ 27891 CERVO (Lugo)  
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04  
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☼ O CASTRO DE SAMOEDO  
15168 Sada (A Coruña)  
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00  
Fax: 981 - 62 38 04  
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☼ Rúa Nova, 16  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88  
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☼ Real, 56  
15003 A CORUÑA  
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04  
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☼ Provença, 274 - 276  
08008 BARCELONA  
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79  
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☼ Zurbano, 46  
28010 MADRID  
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30  
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com



☼ Habana, 12  
32003 OURENSE  
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☼ Rubalcava, 30 - 32  
15402 FERROL  
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16  
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☼ Pza. Sto. Domingo  
27001 LUGO  
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13  
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☼ Urzáiz, 17  
36201 VIGO  
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74  
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☼ Oliva, 24  
36001 PONTEVEDRA  
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☼ Pza. de España, 2  
27400 MONFORTE DE LEMOS  
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33  
curgal@curgal.com

☼ Conde de Fenosa, 38  
32300 O BARCO DE VALDEORRAS  
Teléf.: 988 - 32 05 86

☼ Rúa Castelao, 52  
36980 O GROVE  
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34  
espiroide@yahoo.com

☼ Calvo Sotelo, 8  
36680 A ESTRADA  
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94  
sargadelos@aestrada.com

## Política

### O fondo estatal de investimento local

A finais de novembro de 2008 o Consello de Ministros aprobou a creación dun fondo especial de 8.000 millóns de euros que serán repartidos entre os concellos. O reparto desa chuvia de millóns faise en relación coa súa poboación, desde os 43.253.808 euros para A Coruña ata os 326.366 euros a Cervantes (en [www.map.es](http://www.map.es) podedes ver as cantidades concedidas a cada concello).

Tal millonada financiarase con débeda pública, é dicir, cos futuros impostos que paguemos entre todos. Acudir á débeda pública pode ser unha decisión boa se revitaliza a economía. É parte da maxia da débeda pública: pódese crear un círculo virtuoso de riqueza: adiantamos uns cartos que saíran da riqueza que crearemos ao endebedarnos.

Pero estes fondos están condicionados: todas as obras que se financien con eles deberán ser novas (non estar previstas) e estar rematadas e xustificadas no primeiro trimestre de 2010. É dicir, os concellos terán uns prazos tan curtos de execución que moitos deles (sobre todo os máis pequenos) tenderán a gastalos no asfaltado puro e duro: o máis doado, pero non sempre o máis produtivo. Aquelas obras que, pola súa complexidade, leven máis dun ano serán descartadas pola imposibilidade de rematalas en prazo, e polo tanto rompemos unha das máximas das actuacións públicas: investir onde maior riqueza social e económica se xere. O rápido non sempre coincide co mellor.

Outro problema co que se verán os concellos será a incapacidade de xestionar tamaña chuvia de millóns que duplica en moitas ocasións os fondos cos que contan a coño. Pensade que o proxecto estrela dos concellos galegos nos últimos anos foi o Urban: fondos europeos

### Serán capaces os concellos de xestionar tamaña chuvia de millóns?

para a modernización urbana. Eses fondos eran bastante menores que os que reciben agora con este Fondo estatal. Cunha salvidade: os fondos Urban xestionáanse en varios anos e contrátase un grupo especial de persoas que se dedicarán integramente a eles.

Tememos que as actuacións previstas nos concellos para este ano (as verdadeiramente urxentes e necesarias: escolas infantís, centros de día, bibliotecas...) pasarán a un caixón ao ver que se deben dedicar todas as forzas a xestionar unha millonada destinada a pistas. Este ano os gobernantes municipais decatáranse máis que nunca de que o principal e máis valioso recurso co que contan os concellos non son os cartos (este ano a esgalla) senón a xente capacitada para xestionalos con éxito, que non sempre coincide coa ideoloxía de quen manda.



# O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Hai un cura polas terras da Raia que lle chaman Padre Fontes que é menciñeiro, esoterista, licoreiro, animador cultural, hosteleiro...pero sobre todo é cura do rural. Reivindica a conservación dos sanadores, meigas, bruxas e bruxos e outras variedades que forman parte do curioso patrimonio luso-galaico. Xa organizou varios congresos e encontros de menciñeiros o que lle valeu as ameazas e broncas do bispo. Mirándoo ben non é mala idea. Na nosa terra sempre houbo destas cousas que coa modernidade vanse esquecendo. Porén aparecen adiviños e timadores que enganan e chuchan os cartos.

Desde neno oín falar de veciñas que coñecían as herbas e sacaban o meigallo e compoñedores que arraxaban unha perna sen ter que por unha escaiola. Agora a estas cousas chámanlles menciña popular, seica é mais san e barata que a das

empresas farmacéuticas. Recordo aqueles tipos que describía Alvaro Cunqueiro, que espantaban as tronadas e facían fuxir as nubes ou como aquel Xil da Ribeira que deixaba a barba polos Santos e non a afeitaba ata o corenta de maio, tiña un gran paraugas que abría cando daba un remedio ou receita. Non hai moita diferenza con algunhas historias de santos que todos coñecemos.

Por iso cáeme ben este Padre Fontes, que parece non se dedica a asustar a xente con cousas do inferno. Cando a ditadura andaron a por el, pois coa colaboración dun cura galego axudaban a cruzar a fronteira a moitos mozos obrigados a ir á guerra a Angola. Ademais inventou un licor que ten moita sona e que lle chaman "levanta o pau". Un crego que inventou tal cousa ten que ser, abofé, boa xente.



## O CARRABOXO UXO por RUBÉN LOIS



José Antonio Martínez

A paz é unha realidade que gran parte da humanidade aínda non pode gozar. De atérmonos aos datos oficiais, teríamos un total de 27 *conflitos armados* vixentes, os cales, exceptuando o colombiano, se desenvolven en África e en Asia; outros 13 denominados como *conflitos violentos non catalogables como “conflitos armados”*, que castigarían especialmente eses dous continentes, mais no que tamén se incluíría ETA, así como outros 8 *exconflitos armados que aínda están sen resolver*. Sen deternos en disquisicións terminolóxicas, na actualidade persisten case medio cento de conflitos armados abertos no mundo, o que supón un gran reto para todas/os nós. Sendo conscientes das grandes dificultades, hoxe máis ca nunca cómpre non perder a esperanza, é necesario seguir a traballar pola paz, ser artífices da paz, porque a paz é un ben de todas/os. Unha paz que vai alén da ausencia de violencia, que necesita da aplicación da xustiza, da erradicación da pobreza e do fomento da colaboración e da solidariedade entre todas as persoas.



## a gran maioría dos conflitos armados só se resolven grazas a negociacións

### Os conflitos armados en datos

A maioría dos conflitos armados que seguían activos durante o 2008 naceran entre os anos setenta e noventa. Dos 80 conflitos recollidos, un 25% remataron por medio dun acordo de paz e un 10% cun acordo de paz “imperfecto”, xa porque foi imposto ou porque tivo lagoas de consideración. En todo caso, cómpre salientar que algo máis dun terzo dos conflitos deste período finalizaron por medio dun acordo, quedou outro 18% en fase de resolución ou sen resolverse dun xeito definitivo. Os que non foron resoltos e permanecen vixentes supoñen case o 40% do total e, o que é máis significativo, só o 7,5% destes conflitos remataron a consecuencia da vitoria militar dunha das partes; noutras palabras, a gran maioría dos conflitos só se resolven grazas a negociacións, abrindo algún tipo de proceso que leve á sinatura dun acordo total.

### Distribución dos conflitos

De observarmos o mapa con atención, chegaríamos a unha constatación: a desigual distribución territorial dos conflitos armados. Como xa indicamos, os dous continentes máis afectados polas conflitos son África e Asia, o que vén coincidir coas zonas onde se sitúan os países máis empobrecidos. No continente africano destacan especialmente a zona austral e occidental e, sobre todo, os Grandes Lagos e África Central, coa gran desestabilización producida pola guerra na República Democrática do Congo e o conflito en Darfur (Sudán ), que tamén ten repercusións no corno de África. Pola súa banda, en Asia destacan fundamentalmente dúas zonas: Oriente Medio, co conflito iraquí e o israelí-palestino, e a zona meridional, coa guerra en Afganistán e os múltiples conflitos abertos entre e dentro da India e Pakistán, así como os existentes en Nepal ou en Sri Lanka, este último de novo de actualidade a causa da ofensiva das tropas gobernamentais fronte á guerrilla separatista tamil. Polo que respecta a Europa e Asia Central, destacan os enfrontamentos nas exrepúblicas soviéticas, así como a realidade kurda (o PKK) en Turquía. E para América Latina monopoliza a atención o conflito en Colombia, con zonas do país que escapan do control do goberno.





Mapamundi dos conflitos armados

### Situación das negociacións a principios do 2008

Ben	Con dificultades	Mal	En exploración	Resoltas
Filipinas (MNLF)	Burundi (FNL)	Armenia	Afganistán	Costa de Marfil
India (NSCN-IM)	Colombia (ELN)	Azerbaiján	Angola (FLEC)	Líbano
India-Pakistán	Chad	Colombia (AUC)	Etiopía (Ogadén)	
RCA	Chipre	Filipinas (NPA)	Myanmar (CNF)	
	Filipinas (MILF)	Israel-Palestina	Myanmar (NLD)	
	India (ULFA)	Xeorxia (Abjasia)	Níxer (MNJ)	
	Mali	Xeorxia (Osetia Sur)	Tailandia (Sur)	
	Nepal (Terai)	Iraq		
	Nixeria (Delta)	Kosovo		
	Papúa Occidental	Myanmar (KNU)		
	RD Congo	Pakistán		
	Sáhara Occidental	Somalia		
	Senegal	Sri Lanka		
	(Casamance)	Sudán (Darfur)		
	Uganda			
	Iemen			

## Unha perspectiva sobre a situación actual

A *Escola de Cultura de Pau* da UAB, grazas ó traballo do seu director Vicenç Fisas, presentou o *Anuario 2008 de procesos de paz*, onde, a partir dun estudo sistemático dos distintos conflitos armados existentes, propoñen unhas orientacións xerais moi reveladoras da situación actual:

- Seguindo a tendencia de anos anteriores, en tres de cada catro conflitos existen espazos de negociación.
- A metade das negociacións presentan momentos de interrupción e crise, o que indica que hai que traballar con coidado e con realismo cando se logra un acordo, para que poida ser posto en práctica de verdade.
- Os conflitos armados nos que existe unha intervención estranxeira (Afganistán ou Iraq, por exemplo), o logro de acordos é moito máis difícil que nos conflitos onde só actúan actores internos.
- O balance xeral até o 2008 é máis negativo que os anos anteriores, pois lograronse poucos acordos de paz e complicáronse as dinámicas dalgúns conflitos armados.
- Os últimos datos dispoñibles falan xa dunha poboación desprazada de case 25 millóns de persoas, destacando Sudán, Colombia e Iraq.
- Nos últimos dous anos están a xurdir novas diplomacias de negociación, coma Libia ou Indonesia, potenciando a tendencia a rexionalizar os esforzos de pacificación, sexa por proximidade xeográfica ou por compartir a mesma relixión.
- Os principais motivos de crises nas negociacións continuaron a ser os mesmos de anos anteriores: disidencias nos grupos armados nos momentos de negociación, a desconfianza nas institucións de mediación, a falta de garantías de seguridade para as persoas encargadas da negociación ou as diferenzas no tratamento da axenda temática, unha vez iniciadas as negociacións.
- Aínda que as mulleres son maioría nos movementos pola paz, paritarias nos centros de investigación para a paz e maioría, novamente, nas fases de rehabilitación posbélica, só representan o 4% das persoas que interveñen nas fases de negociación. Unha ínfima porcentaxe para os equipos gobernamentais (agás Filipinas e Sri Lanka), negociadores de grupos armados e facilitadores de organizacións rexionais ou internacionais.
- Reafírmase a tendencia de que a maioría dos grupos armados actuais non basean a súa loita nunha ideoloxía política específica, senón pola conquista de espazos de poder político ou económico, sen pretender transformacións estruturais.
- A existencia de listas terroristas na UE e nos EE.UU. non serviron para finalizar os conflitos existentes, senón máis ben para dificultar algunhas negociacións que xa estaban en marcha.



# Ás furtadelas



Já é consenso universalizado que só haverá paz no mundo se há paz entre as relixións. E que só haverá paz entre relixións se há diálogo entre as relixións. Um diálogo inter-relixioso, porém, que seja gerador de Humanidade.

Porque não se trata de sentar as relixións numa tertúlia narcisista e asséptica fora do mundo real da pobreza, da fome, da guerra, do racismo, da marginalización, do medo. O conteúdo axial desse diálogo inter-relixioso há de ser também humanizar a Humanidade, em nome de Deus.

Nosso João Maragall, o grande poeta humano-humanista da Catalunha, formulava lucidamente um presuposto de toda fé relixiosa: “*Homem sou e é humana a minha medida / para tudo quanto eu possa crer e esperar*”. Para a nosssa fé cristiã o próprio Deus se encaixou na medida humana do homem Jesus den Nazaré.

*Comunicación de Pedro Casaldáliga na recepción do Premio Internacional Cataluña 2006*

## Como diciamos onte...

### A voltas coas sancións dos nenos

Con todo, para rematar, quero decir, en defensa dalgún pai ou nai que se poida sentir culpable por tratar mal a un neno nun determinado momento, que o que importa é o clima habitual da relación e non un acto illado. Por exemplo, se hai un clima de boa relación, de diálogo distendido e de comunicación, non pasa nada grave porque nun momento deamos un berro. O que importa é este clima de diálogo sincero e sereno dos puntos de vista e dos sentimentos sen imposicións arbitarias e sen trampas afectivas.

# http://

[www.comunidadebasecoia.org](http://www.comunidadebasecoia.org)

Hai xa máis de 30 anos que foi erixida a Parroquia do Cristo da Victoria no barrio de Coia. Dende os seus inicios quixo entender a súa fe unida ás ledicias e tristuras da veciñanza.

[www.sgep.org](http://www.sgep.org)

○ Seminario Galego de Educación para a Paz naceu en 1985 como un Seminario Permanente promovido por un grupo sensibilizado diante da ausencia de materiais didácticos e reflexións teóricas sobre a Educación para a Paz.

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/14002984/helvia/bitacora/>

Enorme almacén de recursos educativos TIC. Centro modélico no uso de novas tecnoloxías no Estado.



Extraído de “A carón do lume” do nº 115 de Irimia (1984)

## A lección de Agustín

En Agustín recoñecemos o mozo militante da XEC que nos anos 60 buscaba unha vivencia comprometida da súa fe, o animador de comunidades cristiás de base, o membro de ANPA, o dirixente do movemento veciñal, o promotor da obxección fiscal, o militante pacifista, o sostén da Coordinadora de Crentes Galegos, o irimego de fe comprometida e encarnada na cultura de Galicia, en suma, a persoa bondadosa disposta a escoitar e a animar. Que é o que o fai singular e especialmente admirable? Ao meu ver, en primeiro lugar, a súa **persistencia**, o feito de que isto dure toda a súa vida; esta é a auténtica liña da súa vida, non foi algo ocasional baixo a sospeita da busca momentánea de emocións ou de comenencias. Pero hai máis, o seu orixinal **estilo** e peculiar xeito de estar en todos os ámbitos que o facía especialmente valioso na axuda e no fortalecemento de persoas e comunidades.

Algunhas persoas xa saben que Agustín profesionalmente empezou como **aparellador** e rematou como **profesor**. Como aparellador exerceu a súa profesión cunha exemplar ética profesional. Pero Agustín foi aparellador noutro senso: profesional de proximidade, que traduce teorías en experiencias, que combina e pon en relación as contribucións de distintas persoas recoñecendo e respectando o valor de cada unha, calibrando a utilidade de cada material... todo isto na construción da casa común, dos espazos comunitarios (ás veces materiais, sempre grupais). Como profesor é recordado pola súa dedicación ao alumnado que máis o necesitaba. Hoxe pensamos moitos que os mellores profesores dan clase coa boca cerrada, ocupándose máis do que pode facer o seu alumnado para comprender en profundidade, para analizar, para aplicar coñecementos e centrándose menos nos seus propios discursos. Agustín dounos a lección da súa vida coa boca cerrada ou falando baixo, con autenticidade, con naturalidade, centrado na experiencia colectiva, sen querer destacarse e impoñerse. Os que, coma el, fan isto toda a vida e o fan para que as persoas que están ao seu carón medren e as comunidades das que forman parte sexan máis fortes e solidarias merecen agarimo agradecido.

Lois Ferradás



## Cristián dunha peza

Non é fácil para min facer unha reseña sobre Agustín porque é moito o que teño vivido, compartido e aprendido con el. Ben coñezo o agarimo e acollida que sempre derrochou con todas e todos, veciños/as, amigos/as, coñecidos e descoñecidos/as.

Para min Agustín é un cristián dunha peza, cun referente claro: o **Evanxeo** e a **xustiza** de xeito radical. Un galego amante do seu país, a súa cultura, as súas xentes, un nacionalista dos bos e xenerosos/as, un loitador pola causa dos máis febles, sempre; un traballador incansable pola paz.

Agustín forma parte da historia liberadora do noso barrio, O Castiñeiriño, un símbolo para todas nós. En toda esta vida de amor e compromiso ten moito que ver Carmela.

Sole González

## Agustín Bueno e bo

Moitas veces teño chamado a Carmela para consultar algún asunto ou despexar algunha dúbida e cando xa levabamos tempo falando, de súpeto e saíndo non sei por onde, aparecía a voz de Agustín. Quizais levaba tempo por alí escoitando, sen dicir nada, ata que algunha cousa non lle cadraba e entón a súa voz, como unha revelación, soaba no teléfono cunha pregunta ou unha afirmación que resolvía parte do asunto. Entón eu soltaba: -Ou, pero andabas por aí? E claro que andaba. Logo acababamos rindo os tres. Ha de seguir escoitando, falando e rindo, foi metáfora viva de resistencia.

Rubén Aramburu

## Traballador incansable

Para min, para nós, Agustín significaba, de entrada, cariño e respecto a partes iguais. Cariño porque era agarimoso e achegado, e respecto porque xunto con Carmela –efectivamente sempre eran Agustín e Carmela ou Carmela e Agustín– representaban, representan, traxectorias exemplares na loita pola dignidade das persoas e no seguimento do Xesús auténtico. Agustín, ademais, era traballo incansable e comunitario, seriedade, reflexión fonda e outras cousas. Descansa en paz, seguro, Agustín, porque sempre era quen de transmitir paz. Foi un verdadeiro agasallo coñecerte e gozar de ti.

Miguel Fernández

## A vida é comprometerse

Agustín fixo da súa vida moitas máximas, unha delas foi que a vida é comprometerse; un compromiso continuo e cotiá de entrega desinteresada. Entre as súas obras fica a nosa asociación, xa que foi socio fundador de AIS “O Peto”. Na mestura do afecto e da dor destes momentos emerxe con forza o sentimento de gratitude, gratitude por partillar con nós tantos momentos de clarificación desta asociación cando era un proxecto. Os comentarios de Agustín, sempre acompañados por un sorriso, reflectían o cariño que nos tiña aos mozos entusiastas, a súa inmorrente capacidade de escoita e aprendizaxe, e a luz da súa experiencia militante. O seu matrimonio é exemplo de entrega total e radical á construción dun mundo mellor, grazas Agustín, grazas Carmela.

Raúl Asegurado

# O noso taboleiro

## FESTA DO LUME

Sábado, 7 de febreiro de 2009  
Pazo de Galegos

**9:30 Acollida.**

**10:00 Asemblea xeral ordinaria da Asociación Irimia.**

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior.
- 2.- Renovación da xunta directiva.
- 3.- Estado de contas e proposta para o 2008.
- 4.- Informe das distintas actividades.
- 5.- Rogos e preguntas.

**12:00 Mesa redonda: *Crise de sistema, crise de utopías. Alternativas.***

Falarán: Camilo Nogueira Román  
Victorino Pérez Prieto

**14:00 Xantar compartido.**

**16:00 Celebración da Candeloria.**

**18:00 Remate**



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luis Aldegunde.

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

**SUBSCRICIÓN:** ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

**CONTA:** Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://www.vieiros.com/canaís/26/canal-irimia>



# Boa Nova



## A PALABRA

**Mc 1, 14-20**

### **DOMINGO 25 DE XANEIRO - III DO TEMPO ORDINARIO**

Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus dicindo: "o tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova". Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a Simón e mais a Andrés, seu irmán, largando o aparello no mar: eran pescadores. Díxolles Xesús: "Vide comigo, e fareivos pescadores de homes". E deixando de contado o aparello, seguírono. Un pouco máis adiante viu a Santiago, fillo do Zebedeo e mais a Xoán, seu irmán; estaban arranzando o aparello na barca. E de seguida os chamou. Eles, deixando a seu pai, Zebedeo, e mailos seus tripulantes na barca, seguírono.

## O ECO

Hai algo máis sinxelo que compartir as cousas cos demais? Quen teña moito que o comparta con quen máis o necesita. É doado entender que compartamos nosas pertenzas cos seres máis queridos. Máis doado aínda que o fagamos cos nosos fillos. A muller máis rica de Francia regalou (doou ou compartiu) a un fotógrafo ao que ela consideraba coma un fillo adoptivo uns mil millóns de dólares. Non pensen que quedou arruinada, xa que aínda dispón dunha fortuna doutros 22.000 millóns. Pola saúde mental da nai, de 86 anos, comezouse a interesar a súa filla lexítima, preocupada tamén polo futuro das rendas familiares. Compartir é sinxelo, xa ven, aínda que te poidas atopar cun preito da túa propia filla. Non se preocupen, nas leis francesas, como nas do noso país ou nas do resto dos países occidentais non existe nada tan especificado, detallado até a última coma que todas as disposicións relativas a herdanzas e a doazóns. E se aínda necesitamos aclaralo, para isto existen os avogados. Busquemos algo sinxelo, clarísimo, elemental, que xa veremos como en pouco tempo lle atopamos algunha excepción. Por que ante tantas cousas coas que abondaría un *si* nos lles atopamos algún *pero*?

## A CLAVE

No inicio do Tempo Ordinario preséntasenos, a través destes versículos do evanxeo de Marcos, o máis antigo, o que segundo Pagola é o primeiro resumo que se formulou sobre a predicación de Xesús, o que explica dun xeito máis sinxelo e elemental a súa mensaxe: "*o tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova*".

Defido Xoán o Bautista, Xesús é consciente de que agora se inicia un tempo novo e el vai dar a súa vida para compartir esa Boa Nova que é o Reino de Deus. Fronte ao xudaísmo, que agardaba a chegada do Reino á fin do Mundo, Xesús anuncia que este Reino é de aquí e de agora. Xesús anuncia que Deus decidiu intervir na historia. O tempo histórico cumpriuse para que se inicie o espazo liberado do Reino de Deus. Unha Boa Nova que acolle a todas sen exclusión, un proxecto de felicidade e de vida para toda a humanidade que só precisa da nosa acollida. A Boa Noticia, o evanxeo, é o anuncio de que a xustiza a integración e a defensa dos oprimidos e excluídos xa está en medio de nós. Invítasenos a participar, a crer nesa Boa Nova e a orientar a nosa vida segundo os novos valores do Reino. Nesta crenza e neste seguimento de Xesús orientado a vivir nas nosas vidas segundo os valores do Reino de Deus é onde se manifesta o noso ser cristián.

José A. Martínez

# Falando da lingua

Lidia e Valentina



Se xa levades lida toda a revista, non vos sorprenderá o noso artigo; se a empezades pola contraportada (que os hai!), dirémosvos que hoxe fáltanos un queridísimo amigo e lector, fáltanos Agustín. Si, Agustín o de Carmela, o do Castiñeiriño, o do latín *Augustinus*, derivado de *Augustus*, “de bo agoiro, venerable”, o que, se por se o seu nome fose pouco, se apelidaba Bueno.

Queríamos facer unha lingua bonita que a el lle gustase, chea de palabras e ditos “de cando eu era neno en Ourense”, chea de palabras animosas (como as que el nos regalaba cada vez que nos vía) e firmes coma as dos manifestos que nos traía para corrixir. Pero ás veces as cousas non saen como as pensamos aínda que agardemos diante do teclado a que as musas nos atopen traballando. No canto de frases ganduxadas, non paran de virnos á cabeza palabras soltas, palabras clave na súa vida..., palabras como **loita**, sinónimo de esforzo, traballo, empeño, sinónimo de afán, de entusiasmo, fervor, interese, de paixón, constancia, desvelo, firmeza, de teima, de perseveranza, sinónima de insistencia, tenacidade, persistencia, de pertinacia, obstinación. Palabras como **valentía**, sinónima de coraxe, de valor, forza, vigor... **Paz**, sinónima de acougo, de calma, de orde, quietude, sosego, tranquilidade, de amizade, concordia, harmonía, serenidade, de repouso, de silencio... **Solidariedade**, sinónima de compañeirismo, fraternidade, respaldo, de apoio, axuda... **Integridade**, sinónima de honradez, imparcialidade, rectitude... **Fe**, sinónima de fidelidade, lealdade, promesa, testemuña, convencemento, convicción, crenza...

Ao final as musas non chegaron a tempo para facermos o artigo que nos gustaría, así que, Agustín, hoxe saíunos así,... Sempre veremos a túa estrela alumar. Grazas por todo o que nos aprendiches. Este “Falando da lingua” é para ti, Carmela, para vós os dous.

## O Fachineiro do massacre

### Mala memoria

O estado terrorista de Israel leva practicando aquilo que mellor sabe facer cos seus veciños máis de medio século nun conflito que non parece ter solución ata que a parte máis feble sexa aniquilada. Nun bombardeo anterior unha muller gritaba desesperada “Onde está o mundo?” Desta feita o mundo está nas rebaixas e os seus dirixentes exercendo o tancredismo. O papa coincide coa doutrina de Bush e di que estamos ante unha violencia horrible que responde a outra violencia. O feito de que esteamos ante o choque de dous fundamentalismos -e tamén da riqueza e da miseria, da terra e do exilio, dos imperialistas e os humillados, dos que son potencia nuclear e dos que tiran pedras, dos que teñen traballo



e dos que o suplican- e que tampouco ningún de nós sentaría a ceas cos iluminados de hamás non pode evitarnos o noxo da prepotencia e os asasinatos con réditos electorais. Ou o escándalo de ver nenos cun furado no esterno mentres Sarko recibe a ministra israelí con nome de compresor de arquivos, Zipi Livni, no seu elegante traxe branco afirmando que non hai crise humanitaria en Gaza. Como di un personaxe no libro *O señor Ibrahim e as flores do Corán* ser xudeu, polo menos en Israel, é simplemente ter memoria. Unha mala memoria.

A.Q.